

Por todo o exposto e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total dos créditos para o financiamento das axudas previstas na Orde 18 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2010, nunha contía de 527.239,38 €, na aplicación 12.04.322A.460.2, código de proxecto 2001 14 440.

Artigo 2º

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 22 de abril de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

A Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 79, do 28 de abril), establece na súa disposición adicional cuarta, na cal se recollen os créditos que financian a orde, que estes importes poderán ser obxecto de modificacións, como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento de emprego, coas limitacións que establece a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

En consecuencia, como existen outras dotacións que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar o importe dos créditos destinados ás

axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da devandita orde, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de persoas beneficiarias posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Amplíase o importe total das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 22 de abril de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 79, do 28 de abril), nas seguintes contías e aplicacións orzamentaria, que figuran dotadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010:

12.04.322C.470.2, código de proxecto 2010 00758 polo importe de 1.583.220 euros, 12.04.322C.472.2, código de proxecto 2010 00775 polo importe de 594.203,46 euros e 12.04.322C.470.1, código de proxecto 2010 00747 polo importe de 706.694,75 euros.

Artigo 2º

Estas modificacións non afectan ao prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

Resolución do 29 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se procede á convocatoria da proba específica de validación de profesionais sen formación preventiva especializada para inscrición no Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción (Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción).

En cumprimento do disposto no Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, que establece no seu artigo 12.2º que no caso dos profesionais que, carecendo da formación preventiva especializada, poidan

xustificar exercicio continuado de actividade de coordinadores/as de seguridade e saúde, poderán validar esta formación a través dunha proba específica que convoque a Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar, acreditando, en calquera caso, a súa experiencia profesional,

RESOLVO:

1. Convocatoria.

Convócase a proba específica de validación para profesionais sen formación preventiva especializada que desexen inscribirse no Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

2. Solicitudes e prazo de presentación.

a) Aqueles profesionais que desexen realizar a proba de validación deberán solicitalo á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Traballo e Benestar achegando a documentación establecida no anexo do Decreto 153/2008, indicando no recadro correspondente ao punto «OUTRAS» do punto 5 do anexo («Documentación adxunta») que se solicita a realización da proba.

b) Aqueles profesionais que teñan solicitado previamente a realización da proba de validación achegando a documentación do anexo serán inscritos de oficio na proba por parte do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral.

c) O prazo de solicitude será de 20 días contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución.

3. Requisitos.

a) Para os efectos do establecido no artigo 12.2º do Decreto 153/2008, considerarase como experiencia continuada polo menos dous anos de exercicio como coordinador.

b) A experiencia xustificárase mediante a presentación de copia compulsada das actas de designación no caso de coordinación en execución de obra e da certificación dos visados realizados polo correspondente colexio profesional para coordinación en elaboración de proxecto de obra, redacción de estudos de seguridade e saúde e estudos básicos de seguridade e saúde.

4. Avaliación da proba.

a) A proba será convocada, realizada e avaliada por un tribunal formado polo xefe do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Dirección Xeral de Relacións Laborais, que actuará como presidente; un xefe/a de sección da Dirección Xeral de Relacións Laborais e un técnico proposto pola *Fundación Laboral da Construción* ao abeiro do convenio asinado entre esta e a Consellería de Traballo e Benestar para este fin, como vogais e exercerá como secretario un funcionario da Dirección Xeral de Relacións Laborais.

b) A proba versará sobre o contido do programa establecido no anexo I do Decreto 153/2008. Cons-

tará de 60 preguntas tipo test, de resposta única, e establecerase en 40 o número de respostas correctas necesarias para obter a cualificación de apto.

c) Unha vez avaliados os exercicios, o tribunal elevará proposta de resolución da validación establecida no artigo 12.1º do Decreto 153/2008 ao director xeral de Relacións Laborais.

5. Publicidade.

A lista de admitidos, a data e lugar de realización da proba de avaliación, as solucións á proba de avaliación e as cualificacións serán publicadas na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar, na súa epígrafe de Prevención de Riscos Laborais.

(http://traballo.xunta.es/contenidos/gl/menu_transversal/prevencion)

6. Procedemento de inscrición dos solicitantes validados.

A inscrición no rexistro dos solicitantes validados realizárase de oficio o Servizo de Seguridade e Saúde Laboral da Consellería de Traballo e Benestar, utilizando os datos achegados na solicitude.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 29 de outubro de 2010, da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural, pola que se dá publicidade aos convenios subscritos por esta consellería no segundo cuadrimestre do ano 2010.

O artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), impón a cada consellería da Xunta de Galicia a obriga de publicar, no *Diario Oficial de Galicia*, unha relación dos convenios de colaboración subscritos no segundo cuadrimestre do ano.

En consecuencia, e para lle dar cumprimento a esa obriga,

DISPOÑO:

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería do Medio Rural nos meses de maio, xuño, xullo e agosto do ano 2010, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2010.

Jorge Atán Castro
Secretario xeral da Consellería do Medio Rural